

## Programa formativo | FORMACOOOP

En colaboración coa: Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social -EFESO- do FSE+

**Datas:** do 10 de febreiro ao 25 de maio de 2026. **Número de cursos do Itinerario :** 4 cursos  
**Duración:** 100 horas, 25 h/curso **Formato:** Teleformación. En liña | 9 sesións virtuais, 2 sesións virtuais/curso (3 sesións no curso de Contabilidade Pro)  
**Lugar de celebración:** A través da Aula Virtual de EspazoCoop: <http://www.aulaespazocoop.com>  
**Inscripción:** [preme aquí](#) **Máis información:** Patane García Méndez - 881 887 456 - [patane@espazo.coop](mailto:patane@espazo.coop)

### Obxectivo xeral

Establécese como obxectivo xeral mellorar as competencias profesionais en xestión económica, comercial e societaria das cooperativas participantes.

### Obxectivos específicos

- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións.
- Interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.
- Capacitar en habilidades para a xestión comercial das cooperativas.
- Dar a coñecer recursos e ferramentas útiles para as persoas socias e os equipos directivos das cooperativas.

### Programa e contidos

O programa consta de 4 cursos, independentes e complementarios entre si. As persoas interesadas en realizar o curso de Contabilidade Cooperativa Nivel PRO deben ter uns coñecementos mínimos sobre contabilidade.

#### CURSO 1 | CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL 0

25 horas | do 10 de febreiro ao 2 de marzo 2026 | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 10 de febreiro e 02/03 de 13:00 a 14:00hs.

Módulo 1.- A función contable: que é? Que implica?

Módulo 2.- Contabilidade administrativa: a contabilidade do día a día.

Módulo 3.- Contabilidade financeira: libros e obrigas contables.

Módulo 4.- Contabilidade financeira: o ciclo contable.

Módulo 5.- Casos prácticos

#### CURSO 2 | FORMACIÓN COMERCIAL: COOPERA, COMUNICA E VENDE

25 horas | do 03 ao 22 de marzo 2026 | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 4 e 22 de marzo de 11:00 a 12:30 hs.

Módulo 1.- Presentación de EspazoCoop e a Rede Eusumo.

Módulo 2.- Diagnose e concreción de melloras nos procedementos e sistemas de comercialización das cooperativas.

Módulo 3.- A proposta de valor: preguntas chave.

Módulo 4.- Deseño de estratexias comerciais de alto impacto perante os novos consumidores.

Módulo 5.- Divulgación e posta en práctica de habilidades e ferramentas operativas para a mellora dos procesos e estratexias de comercialización das cooperativas.

Módulo 6.- Habilidades e estratexias de comunicación chave. Técnicas e procesos de negociación.

## **CURSO 3 | FORMACIÓN PARA CADROS DIRECTIVOS DE COOPERATIVAS**

**25 horas | do 7 ao 26 de abril 2026 | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 8 e 23 de abril de 11:00 a 12:30 hs.**

Módulo 1.- Formación cooperativa básica.

Módulo 2.- Habilidades sociais e organización societaria en cooperativas.

Módulo 3.- A área comercial e de mercado e a área económico-financeira.

Módulo 4.- A planificación estratéxica. Ferramentas para o plan de mellora.

## **CURSO 4 | CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL PRO**

**25 horas | do 5 ao 25 de maio 2026 | 3 sesións virtuais de aprendizaxe: 5, 14 e 25 de maio, de 13:00 a 14:00hs.**

Módulo 1.- A estrutura xeral contable.

Módulo 2.- Tratamento dos fondos propios e específicos nas cooperativas de traballo.

Módulo 3.- A conta de perdas e ganancias e a distribución de resultados.

Módulo 4.- Fiscalidade cooperativa.

Módulo 5.- Casos prácticos

## **Metodoloxía**

A metodoloxía facilitaralle ao alumnado o seguimento da formación, organizando o estudo de xeito autónomo, e á vez complementase coas sesións virtuais de aprendizaxe, onde a persoa docente afonda nos temas máis relevantes e propón actividades e dinámicas que axudan á integración dos contidos. Estas sesións axudan tamén ao coñecemento mutuo entre as participantes, a posta en común de experiencias e intercambio de contactos.

## **Dirixido a**

- ✓ Persoas socias de cooperativas ou que forman parte de grupos promotores que demandan coñecementos en xestión económica e contabilidade.
- ✓ Persoas socias e asalariadas de cooperativas, ou de grupos promotores interesadas en mellorar coñecementos e habilidades na área comercial.
- ✓ Persoas socias e asalariadas das cooperativas que teñan funcións e/ou responsabilidades de dirección ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para asumilas.
- ✓ Persoas socias de cooperativas que realizan tarefas de xestión contable-fiscal na súa cooperativa e profesionais de xestorías de empresas que precisan e/ou demandan coñecementos avanzados de contabilidade e fiscalidade de cooperativas.
- ✓ Para acceder ao módulo de Contabilidade Cooperativa nivel PRO será preciso contar con coñecementos básicos de contabilidade.
- ✓ Profesionais da contabilidade e/ou da xestión empresarial, ou persoas formadas en xestión de empresa sen coñecementos específicos no tratamento de cooperativas, así como calquera persoa interesada en ampliar coñecementos sobre cooperativismo.

## Docentes

Ángeles Barreiro Vilas. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop:

Curso "Contabilidade cooperativa Nivel 0"

Curso "Contabilidade cooperativa Nivel PRO"

Ramón Carmelo Rodríguez Padín. Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop:

Curso "Formación comercial: coopera, comunica e vende"

Curso "Formación para cadros directivos de cooperativas"

## Formulario de inscrición

Para realizar a inscrición aos cursos do programa [preme aquí](#)

## Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)

## Financiado por

Programación 2025 da **Rede Eusumo**, que é unha rede de colaboración impulsada pola **Xunta de Galicia**, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social. E tamén, o Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, **Efeso**, cofinanciado por el **Fondo Social Europeo Plus** para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio Cepas.

